

ESTRELAS DA CIENCIA

XORNAL

“O GALEGO É UNHA LINGUA DE CIENCIA.”

O 22 de decembro de 2015, a Asemblea Xeral decidiu establecer un Día Internacional anual para recoñecer o rol crítico que xogan as mulleres e as nenas na ciencia e a tecnoloxía.

A igualdade entre homes e mulleres é unha prioridade global da UNESCO, e o apoio ás novas, a súa educación e a súa plena capacidade para facer oír as súas ideas son os motores do desenvolvemento e a paz.


A ciencia e a igualdade de xénero son fundamentais para o desenvolvemento sustentable. Aínda así, as mulleres seguen atopando obstáculos no campo da ciencia: menos do 30% de investigadores científicos no mundo son mulleres.

Facer fronte a algúns dos maiores desafíos da Axenda para o Desenvolvemento Sustentable -desde a mellora da saúde ata o cambio climático- dependerá do aproveitamento de todos os talentos. Iso significa conseguir introducir a máis mulleres

nestes campos. A diversidade na investigación amplia o número de investigadores talentosos, achegando unha nova perspectiva, talento e creatividade.

O Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, que se celebra cada ano o 11 de febreiro, foi aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas co fin de lograr o acceso e a participación plena e equitativa na ciencia para as mulleres e as nenas, e ademais para lograr a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e as nenas.

Este Día é un recordatorio de que as mulleres e as nenas desempeñan un papel fundamental nas comunidades de ciencia e tecnoloxía e que a súa participación debe fortalecerse. A celebración deste día está dirixida pola UNESCO e ONU-Mujeres, en colaboración con institucións e socios da sociedade civil que promoven o acceso e a participación de mulleres e nenas na ciencia.



Unha mensaxe da Directora Xeral da UNESCO

"Para facer fronte aos inmensos desafíos do século XXI -desde o cambio climático ata os trastornos tecnolóxicos- fai nos falta a ciencia e toda a enerxía necesaria e, por iso, o mundo non pode privarse do potencial, a intelixencia e a creatividade dos miles de mulleres que son vítimas de desigualdades ou prexuízos tan arraigados.

Neste Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, a UNESCO fai un chamamento á comunidade internacional, aos Estados e a cada persoa para que se mobilicen a fin de facer realidade a igualdade, tanto no ámbito das ciencias como noutros campos. A humanidade só pode saír gañando, igual que a ciencia."

— Mensaxe da Sra. Audrey Azoulay, Directora Xeral da UNESCO, con motivo do Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia 2020

Sopa de letras - O Universo

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E | H | L | R | A | P | E |
| S | W | Ú | A | G | L | S |
| T | F | A | O | P | A | P |
| R | U | N | Q | Q | N | A |
| E | N | O | V | A | E | Z |
| L | A | O | H | L | T | O |
| A | U | P | S | X | A | V |

CANTAS LETRAS "A" APARECEN NA SOPA?

INTRODUCE O NÚMERO EN POPPY